

Teatro

Deixa de tocala, Sam

AveLina Pérez

Un DESPERDICIO

Un auténtico desperdicio

Un desperdicio tras outro desperdicio tras outro desperdicio/
Ata decatarse de/ —→

Sempre me educaron na máis absoluta pulcritude
Notaráseme no corpo que/ ? —→

Un día ten 60 minutos X 24 horas/
1440 minutos/ DE CULPA/ nun día/
Multiplicados por 365 días/

DEMASIADOS minutos de culpa

A súa / miña / vosa mente está chea de pensamentos coma estes:

- *Aflíxete* inda que non esteas *aflixida* (*por exemplo*)
- Co discurso dos mortos construímos o discurso *propio* (*por exemplo*)

QUEREMOS UN DISCURSO COHERENTE?

Un desperdicio. Un auténtico desperdicio

ATA AQUÍ A COHERENCIA!

O príncipe de Dinamarca era un fillo de puta e un mal tipo co que non quero empatizar
Para o suicidio non é necesaria tanta lírica (PUM)

Os varredores do lixo recollen o lixo nas bolsas para o lixo, mentres,
o Príncipe de Dinamarca INVADE os auditorios.

* Estreada, a súa versión curta, no Salón Teatro, na zona do montacargas, dentro do ciclo *Teatro Ob-Sceno* do CDG, en maio do 2018. Dirección, dramaturxia e actriz: AveLina Pérez.

Estreada, como peza longa, no Teatro Ensalle de Vigo, en decembro do 2018. Dirección, dramaturxia e actriz: AveLina Pérez. Dirección musical e piano en directo: Velpister.

Unha fortuna. Desperdiciada. Outra vez. MAMÁ!

Recordatorio : un *disiclín* de lavanda para os pecados máis escuros
Para os máis/máis/máis/máis /Escuros

Queridos reis magos: un *disiclín* de lavanda, por favor! (PUM)

Fixen o amor en WC de trens, en WC de pubs, en WC de estacións de servizo, en
WC de parques públicos, en WC de universidades de ciencias da educación/
E era AMOR. Poderoso AMOR. Auténtico e inefable (?) AMOR

Será esa a orixe? A miña falta de empatía co príncipe de Dinamarca terá que ver
co coñecemento do amor nun WC de restaurante cutre?
Terá que ver coa mestura dos ruidos da cisterna coas declaracións de amor?
Coa mestura dos xemidos dos demais fornicadores de WC cos meus propios
xemidos?
(Porque, si, somos unha tropa de fornicadores de WC)
Coa mestura dese regueiro polo chan sucio coas palabras do desexo?
Co coidado de non manchar os pés mentres tentas expresar ALGO (?) que ten
que ver co CORAZÓN?

(Ai, Freud, se me obsequiasas cun deses penes que tanto pensas que me chaman!)

FUCK ME HARD, MY LOVE, TAKE MY EYES AND EAT THEM
I LOVE YOU
I HOPE YOU'LL NEVER LEAVE ME
OUTSIDE EVERYTHING IS DIRTY
SAVE ME

(words, words , words, words, words, words, words, words)

Despaciño!—Amodiño!

Cando fago músculo sinto unha RIXIDEZ nos pensamentos que non me deixa continuar
(Interpretación realista -> Pero non)

“To be, or not to be, that is the question:
Whether ‘tis nobler in the mind to suffer
The slings and arrows of outrageous fortune,
Or to take arms against a sea of troubles
And by opposing end them. To die, to sleep,
No more; and by a sleep to say we end
The heart-ache and the thousand natural shocks “
(Príncipe de Dinamarca)
(Bla Bla Bla)
(PUM)

Bendice SEÑOR los alimentos que vamos a comer
Te agradecemos SEÑOR los alimentos que vamos a comer
(COMER OU NON COMER, THAT IS THE QUESTION)

Os varredores de lixo recollen o lixo nas bolsas para o lixo. —> BLA BLA BLA/PUM

Chamamento a RAG: DESPUSCUATREFACIÓN
Como é que temos a coraxe de non inventar nunca esa palabra?
 DES-PUS-CUA-TRE-FA-CIÓN *A L M I B A R A D A*

(Dáme todo tantísimo traballo...)

Vín, antes de vir ao teatro, a unha muller cun dente de ouro que sorría mentres lle botaba pan aos peixes da praza
 O dente de ouro caeulle ao chan. Recolleuno sen presa, colocouno e seguiu sorrindo
 Pregunteille se quería vir comigo a actuar no teatro
 Seguiu sorrindo
Yo no actuar en los teatros, dixo

UN DESPERDICIO.
 UN-IN-TO-LE-RA-BLE-DES-PER-DI-CIO

O dourado é unha cor elegante e bonita (?) diría que é a miña cor favorita.
 Mais non en todos os lugares:

- Non nas bocas
- Non nas ensaladas frescas
- E non nos teatros
-

O matiz do dourado que máis me gusta é o dourado AVERGONZADO.
 Avergonzado por dourado.
 Avergonzado, xusto, por TAN / TAN / TAN /DOURADO

E digo/digo /digo/
 Agora digo:

Por que nunca montar un *Príncipe de Dinamarca* cun dente de ouro mal pegado que cae? Que cae, coma os suicidios, SEN PUTA LÍRICA (PUM)

Os varredores do lixo recollen o lixo nas bolsas para o lixo (PUM)

Nese momento (PUM) dá absolutamente igual ter un dente de ouro mal pegado que non ter un dente de ouro mal pegado.

Oíches, REI DE ESPAÑA (*por exemplo*)? DÁ ABSOLUTAMENTE IGUAL!
 E ti é ben probable que non o saibas. Por tonto. E por dourado

(Repito, nun murmurio apenas, a miña cor favorita: o dourado avergonzado)

UN DESPROPÓSITO
 UN INTOLERABLE DESPROPÓSITO

(FALTARÍA MÁIS QUE PROCURASE UN SENTIDO A TODO ISTO! FALTARÍA MÁIS!)

Pode ser que eu non comprenda ao príncipe de Dinamarca?

Pode ser.

MAIS NON É.

Pode ser que queiras/queiramos/queiran estar no lugar dos gañadores?

Pode ser que EU SEXA A QUE QUEIRA ESTAR NO LUGAR DOS GAÑADORES

Para levantar o brazo e amosar a DIGNIDADE (?) de non ter que PROTESTAR (?)

OS GAÑADORES LEVANTAN O BRAZO COA DIGNIDADE (?) DE NON TER QUE PROTESTAR.

Isto será unha PROTESTA?

Nin protesta nin hostias, repite mil veces:

- Protestar contra o príncipe de Dinamarca é de ignorantes e de persoas sen sensibilidade/ artística

CARA A ONDE IMOS? CARA A ONDE?

Porque o importante no teatro é/

(ou non, quizais ISO non sexa o importante no teatro)

“Vin antes de vir ao teatro a unha muller cun dente de ouro que sorría mentres lle botaba pan aos peixes da praza o dente de ouro caeulle ao chan recolleuno sen presa colocouno e seguiu sorrindo”

~~Tiña máis texto pero descarteino~~

Polo lado da muller pasaba, nese momento, Billy el niño con mantilla encabezando unha procesión; uns cantos eruditos portaban pancartas con citas doutros eruditos que apelaban a unha reflexión crítica acerca do vivir, unha apoloxía da beleza, da sensibilidade e da sabedoría. Si, estaba unha muller recollendo un dente de ouro e polo seu lado pasaba unha procesión de torturadores e tiranos, rodeados de eruditos.

Houbo un momento no que as sombras da procesión taparon a muller. O dente de ouro seguía a brillar, o dente actuou como unha especie de raio láser que bateu nas gafas de pasta dun dos eruditos e o reflexo bateu na man do torturador, semellando un anel papal.

Mulleres peiteadas de perruquería sorrían mentres pasaba a procesión e sacaban fóra as súas tetas, deformadas polo paso de puto tempo, pedindo autógrafos, mentres os maridos zoupaban nelas con coidadiño de non deixar marcas. Por putas. Por sacar as tetas.

Eles tamén sorrían.

ANACOS

Anacos de sorrisos, de sombras que tapan, de brillos que se proxectan, de labirintos/

Sorrisos herdados/ Cargos herdados/ Pobres herdados/ Incultos herdados/

Anacos/

E unha di —> Cara a onde imos? Cara a onde?

UN DESPERDICIO
UN AUTÉNTICO DESPERDICIO

(O melloriño de todo isto é que non precisa evolución dramática, desenvolvemento claro, e moito menos: desenlace)

Propoño unha ALTERNATIVA COMO DESENLACE:

Propoño como alternativa que os PRO-SUICIDAS invadan os pavillóns baleiros dos hospitais privatizados e que desde alí, desde as ventás fechadas, MIREN O MUNDO. MIRE/MOS o mundo.

Logo facer unha orxía divertida na que os corpos dos PRO- SUICIDAS NOS AMEMOS, como ACTO SIMBÓLICO

Pulsión sexual = Pulsión de vida

(Outra vez Freud, ou mesmo DEUS, ou calquera que sabe ben o que é isto de VIVIR)

(Un despropósito /Un EVITABLE despropósito)

ALTERNATIVA *(outra, a real)* ao desenlace. Alternativa 2:

SAÍR E QUE ME CEGUE A ESCURIDADE.

E alí, na escuridade, POR FAVOR dáme /

Dáme/



Saír e que me cegue a escuridade para saír desta peza de teatro

cor dourado avergonzado

Non amarela, nin vermella

E moito menos/

Moito/

Moito/

Moito menos/

Azul

Saír e que me cegue a escuridade

E alí, na escuridade, dáme

Alí

POR FAVOR

DÁME

POR

FAVOR

Nota: O texto non nace da escena; a escena nace do texto. Neste caso.

